

## “Calipso canta” con Olga Novo

IAGO GONZÁLEZ

Facultade de Filoloxía  
Universidade de Santiago de Compostela

### CALIPSO CANTA

A chuvia imita a miña forma de quererte  
é coma unha amante  
que desexo para ti  
que te faga feliz  
a todas horas

Oxalá non durmas só  
mentres eu durmo sen ti

Ámala porque amas  
coma min  
as cousas belas

Con dozura o mundo irá adiante  
Canto Calipso  
só o mundo irá adiante con dozura

Ceguei a ser tantas que apenas consigo saber  
quén che di estas palabras de amor

Estanme soñando os acolledores brazos da túa muller

Alguén un día entenderá estas palabras  
e saberá que fomos felices  
contra todo prognóstico  
no medio das máis humildes flores azuis

Mares do Mundo  
meus

vivo no Oriente de Occidente  
na resolución da pura contradición  
onde o vento sopra en dirección a tódalas direccións

Meus  
Mares do Mundo

son Calipso  
a bela Calipso  
a Calipso libre

pequena criatura sen pudor  
que olvida as sandalias na area e se vai á vida  
pés nus  
a min que nada me importa

agás ti  
e a túa sombra na noite  
e cómo esperta a túa sombra en min

pequena criatura sen poder  
abrazada  
á túa ausencia que mama dos meus peitos  
coma un cachorro de tigre  
ou un cacho da nada aboiando entre as algas...

Canta Calipso Canta  
quérote  
porque non te quedaches para sempre  
na cova cruel do mito  
e te fuches con outras  
tan fermosas que o sol se detén a velas  
despregadas

levo os seus nomes escritos aínda  
síntome coma un templo que anda

Canta Calipso Canta

Oxalá durmas con todas  
cando dormes comigo a soas.



Ginés SERRÁN PAGÁN, *Calipso de Ceuta* (2017).  
Escultura na cidade de Ceuta.